

Comentarios recollidos no [Blog da Biblioteca do ies Sánchez Cantón](#) no curso 2007-08

1. *Anagnórise*, é un libro impactante, as cinco horas que me levou lelo pagaron a pena (teño a manía de le-los libros que me resultan interesantes de golpe, como se fose unha película, e unha película nunca a deixas pola metade se podes evitalo). Nunca lera un libro igual, nun momento parece que o sabes todo, e o seguinte, dáste de conta de que realmente non sabes nada. O libro narra con bastante sinxeleza a historia dun adolescente, Nicolau Aris, e de como unha simple viaxe en coche fai cambiar completamente a súa forma de ve-las cousas, comprendelas, e ata sentilas. Nicolau inicia unha viaxe con desexos de comezar de novo, de esquecerse de todo o que deixa atrás (malas compañías, problemas familiares, desenganos amorosos ..), e en ningún momento pasa pola súa cabeza que a viaxe se poida converter xustamente no contrario: grazas á súa compañeira de viaxe Nicolau revive todo o que o impulsou a realiza-la viaxe, pero véndoo dende unha nova perspectiva. A súa compañeira, resúltalle por unha parte descoñecida: négase a dicirlle o seu nome, o seu traballo, a súa idade .. (aínda que Nicolau descubrirá bastante despois o motivo deste encubrimento), e por outra próxima: le na súa mente coma se fose un libro (ela non lle pregunta que lle pasa, posto que non lle fai falla, simplemente o sabe), dálle solucións a problemas que cría imposibles de resolver, e móstralle portas e posibilidades que a el nunca se lle houberan ocorrido. Nesta viaxe Nicolau aprenderá a aprecia-la vida, a saber tomar decisións e solucionar problemas, e tantas outras cousas necesarias para a vida. Recomendaríallo a calquera persoa que estea disposta a reflexionar, e valorar sobre as ideas que o libro ofrece. En definitiva, é un libro moi curioso e interesante. **(Antía)**

2. Este libro, *Anágnorise*, é un dos libros máis bonitos que lin na miña vida e converteuse no meu libro favorito. O argumento é moi interesante, teño que recoñecer que ao principio resultaba un pouco aborrecido sobre todo as conversas que tiñan os protagonistas ao principio do libro. A medida que se vai desenvolvendo a historia gústame máis. Durante a viaxe que levan a cabo Xulia e Nicolau (os protagonistas) falan de temas e cada un expón o que pensa sobre certas cousas e falan sobre os propios ideais. Eu estou moi de acordo coa maioría de reflexións e pensamentos que se din neste libro. Fálanse de cousas moi interesantes: da actualidade, da xuventude, dos amores, dos cornos, das drogas... Esta é unha historia preciosa pero ten un final moi triste, cando estaba lendo o libro imaxinábame un final moi distinto, eu pensaba que ... pero cando de repente leo que... case me da algo. Foi moi triste cando Nicolau estaba ... pero foi unha sorpresa que Natalia ... Aínda que non o pon o libro eu penso que Natalia e Nicolau arranxaron..., polo menos é o que me gustaría. O final é a parte do libro que máis me gusta porque é cando se revelan todos os misterios como, por exemplo que a condutora... Paréceme unha cousa moi interesante e chamoume moito a atención que en ocasións, durante a súa conversa Xulia soubera perfectamente que era o que pensaba o rapaz. Nesta historia o meu personaxe favorito é Xulia , porque non sei como axuda a un rapaz que atopou na estrada e o fai pensar dunha maneira espectacular para que deixe o futuro negro que lle espera e que cambie a súa vida. É un libro fácil de ler cun vocabulario sinxelo aínda que algunhas palabras as tiver que buscar no dicionario. Lin o libro nunha tarde, e non se compara para nada a outras obras que lera, esta é unha historia da vida real, na que os protagonistas son: o amor e a confianza nun mesmo. En resumo, este libro gustoume moitísimo e como xa dixera anteriormente converteuse no meu libro favorito. **(Noemi)**

3. *Anágnorise* é un libro totalmente impresionante.. recoñezo que cando o escollín pensei que non tería nada de interesante.. pero a medida que o les encántache. O libro narra a historia de Nicolau, un rapaz cunha vida bastante complicada, e que debido a recentes problemas (o seu amigo faulle crer que a súa noiva...) decide marchar -na miña opinión foi unha idea un pouco absurda e máis confiar no amigo -. Cando está facendo autostop, unha muller para a recollelo.. resumindo, a viaxe e os diálogos entre os dous é fascinante.. reflexionan sobre moitas cousas e dunha maneira espectacular. El cóntalle todos os seus problemas a ela e tamén as súas afeccións (coma escribir).. pero ela é unha descoñecida, non revela nada sobre ela. A señora tenta convencer a Nicolau de que non todas as cousas son o que parecen, que pode que moitas das cousas que el pensa non son de todo certas. Ao final chegan a e alí ela ... E o final é realmente emotivo. A verdade, cando comecei ler o libro pensei que os protagonistas se namorarían, a ela non a describían como moi maior.. pero a verdade, a historia que o autor conta supera mil veces a que eu imaxinara. É un libro fantástico, sorprendeume en todos os sentidos (ata no título, que cando sabes o que significa é totalmente acertado), atreveríame a dicir que o puxeran como obrigatorio.. Porque é realmente ameno de ler. **(María)**

4. Esta historia relata como un mozo de Pontevedra, Nicolau, marcha da súa casa para evadirse dos seus problemas: A situación coa súa nai que se emborracha, coa súa noiva, cos seus compañeiros, coas drogas...Séntese moi desgraciado e decide marchar para Madrid. Fai autostop e páralle unha descoñecida (que resulta ser ...) que accede a viaxar con el. A suposta viaxe de afastarse dos seus problemas resulta ao revés xa que os afronta por fin e reflexiona sobre eles. É increíble como unha corrente viaxe en coche che fai mudar a túa forma de pensar e afrontar os problemas. Isto é o que lle pasou a Nicolau que descobre que a súa moza. O que máis me gustou foi as conversas que manteñen Nicolau e a súa acompañante sobre moitos aspectos da vida. E o que menos o final que acaba ... Recomendo este

libro á calquera. Pero en especial aos que queiran reflexionar un pouco sobre moitos temas adolescentes que ocorren diariamente nas nosas vidas. Do 1 ao 10 eu daríalle un 8. (**Fernando**)